

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 2 de novembro de 2005, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se modifica a autorización dos programas de garantía social en centros públicos para o curso académico 2005-2006.

Por Resolución do 23 de maio de 2005 (DOG do 31 de maio) da Dirección Xeral de Ordenación Educativa autorízanse para o curso 2005-2006 programas de garantía social en centros públicos.

Dada a evolución da demanda existente de programas de garantía social cómpre adecuar a oferta actual, procedendo á ampliación do número de programas autorizados ou á substitución de perfís profesionais por outros máis demandados.

En virtude da Orde do 5 de maio de 1997 (DOG do 29 de maio) da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia, e da Resolución do 11 de febreiro de 2005 (DOG do 2 de marzo) da Dirección Xeral de

Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regula o desenvolvemento de programas de garantía social en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2005-2006 esta dirección xeral, por proposta da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais,

RESOLVE:

Primeiro.-Autorizar a ampliación da oferta de programas ou perfís de garantía social para o curso 2005-2006 en centros públicos segundo os datos que figuran no anexo I desta resolución.

Segundo.-Autorizar a substitución dos programas ou perfís profesionais que constan no anexo II desta resolución.

Terceiro.-Autorizar a ampliación ao nº de grupos de programas de garantía social que constan no anexo III desta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2005.

M^a José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

ANEXO I

Provincia da Coruña

Concello	Código	Centro	Familia profesional	Código	Ensinanza	Modalidade
Betanzos	15001148	IES As Mariñas	Administración	GF04001	Servizos auxiliares de oficina	A
Boiro	15023338	IES Praia Barraña	Madeira e moble	GF15B04	Operario de carpintaría	B
Cambre	15027873	IES Afonso X O Sabio	Comunicación, imaxe e son	GF07B01	Auxiliar de imaxe	B
Neda	15027216	IES Fernando Esquío	Electricidade e electrónica	GF09001	Instalador electricista	A
Noia	15026731	IES Campo de San Alberto	Madeira e moble	GF15B04	Operario de carpintaría	B
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Hostalaría e turismo	GF11B02	Axudante de cociña	B
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Madeira e moble	GF15002	Operario de carpintaría de madeira maciza	A
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Madeira e moble	GF15B01	Operario de fabricación e instalación de mobles modulares sinxelos	B
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Mantemento e servizos á produción	GF17B04	Operario de fontanaría	B
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Téxtil, confección e pel	GF21001	Operario de téxtil e confección	A
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Vidro e cerámica	GF22001	Operario de olería-cerámica	A

Provincia de Lugo

Concello	Código	Centro	Familia profesional	Código	Ensinanza	Modalidade
Burela	27013958	IES Monte Castelo	Electricidade e electrónica	GF09B03	Operario de instalacións eléctricas de baixa tensión	B
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	Electricidade e electrónica	GF09B01	Instalador electricista	B
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	Fabricación mecánica	GF10B05	Operario de soldadura	B
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	Mantemento de vehículos autopropulsados	GF16B01	Axudante de mecánica xeral e electricidade do vehículo	B
Rábade	27016613	IES Río Miño	Actividades agrarias	GF01B03	Operario de explotacións agropecuarias	B
Ribadeo	27010933	IES Dionisio Gamallo Fierros	Sanidade	GF19B01	Auxiliar de puericultura	B
Taboada	27012504	CPI San Tomé do Carballo	Edificación e obra civil	GF08B02	Operario de albanería	B

Provincia de Pontevedra

Concello	Código	Centro	Familia profesional	Código	Ensinanza	Modalidade
Ponte Caldelas	36020313	IES de Ponte Caldelas	Edificación e obra civil	GF08B07	Operario de cantería	B
Ponte Caldelas	36020313	IES de Ponte Caldelas	Edificación e obra civil	GF08B03	Operario de carpintaría de obra	B
Ponteareas	36014520	IES Pedra da Auga	Administración	GF04001	Servizos auxiliares de oficina	A
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Edificación e obra civil	GF08B08	Auxiliar de pintura e decoración	B
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Electricidade e electrónica	GF09B01	Instalador electricista	B
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Fabricación mecánica	GF10B05	Operario de soldadura	B
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Hostalaría e turismo	GF11B02	Axudante de cociña	B
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Imaxe persoal	GF12B01	Auxiliar de perrucaría	B
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Madeira e moble	GF15B04	Operario de carpintaría	B
Pontecesures	36007621	CPI de Pontecesures	Mantemento de vehículos autopropulsados	GF16B01	Axudante de mecánica xeral e electricidade do vehículo	B

ANEXO II

Concello	Código	Centro	Familia profesional	Código	Ensinanza	Modalidade
Neda	15027216	IES Fernando Esquío	Administración	GF04B01	Servizos auxiliares de oficina	B
Neda	15027216	IES Fernando Esquío	Electricidade e electrónica	GF09B01	Instalador electricista	B
Neda	15027216	IES Fernando Esquío	Téxtil, confección e pel	GF21B03	Operario maquinista de confección industrial	B
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Madeira e moble	GF15001	Operario de fabricación e instalación de mobles modulares sinxelos	A
Santiago de Compostela	15027502	CEE de Xordos	Mantemento e servizos á produción	GF17004	Operario de fontanaría	A

ANEXO III

Provincia da Coruña

Concello	Código	Centro	Modalidade	Nº de grupos
Ferrol	15025751	EPA Sta. María de Caranza	B	3
Laracha	15027654	IES Agra de Leborís	B	2
Ribeira	15027711	IES Leliadoura	B	2

Provincia de Lugo

Concello	Código	Centro	Modalidade	Nº de grupos
Castro de Rei	27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	B	2

Provincia de Pontevedra

Concello	Código	Centro	Modalidade	Nº de grupos
Guarda, A	36019244	IES A Sangriña	B	2
Marín	36020295	IES Mestre Landín	B	2
Moaña	36018999	IES As Barxas	B	2
Moaña	36018999	IES As Barxas	B	2

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 2 de novembro de 2005 pola que se crea o ficheiro de datos de carácter persoal que conforma o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

A Constitución española, no seu artigo 18.4º, dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Neste sentido, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, así como o uso posterior destes datos polos sectores público e privado. Neste marco, é obxecto desta regulación a garantía e protección dos dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas físicas, e especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar.

O artigo 20.1º da devandita lei dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio dunha disposición xeral publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou diario oficial correspondente.

A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, somete a réxime de autorización polo órgano competente da Comunidade Autónoma, todas as actividades de valorización e eliminación de todo tipo de residuos, e ademais para os residuos perigosos, as de recollida, almacenamento e transporte, cando se realice asumindo o transportista a titularidade do residuo. A realización do resto de actividades está sometida a réxime de notificación previa á Administración autonómica ambiental, que deberá rexistrar debidamente estas actividades, e iso sen prexuízo de que as comunidades autónomas sometan estas actividades a réxime de autorización.

A Administración autonómica galega procedeu a través do decreto 298/2000, do 7 de decembro, á regulación das actividades de produción e xestión de residuos e a creación do Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, decreto que resultou derogado polo Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico de produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Así mesmo, a citada lei prevé que, para a consecución dos obxectivos de redución, reutilización, reciclaxe e valorización, así como para promover as tecnoloxías menos contaminantes na eliminación de residuos, as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poidan establecer instrumentos de carácter económico e medidas de incentiación.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPONGO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a creación do ficheiro automatizado de datos de carácter persoal albergados nos servidores da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que conformarán o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Artigo 2º.-Contido.

A información que, de acordo co artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, se exige para as disposicións de creación de ficheiros, está contida no anexo desta orde.

Artigo 3º.-Finalidade e uso do ficheiro.

Os datos de carácter persoal, rexistrados no ficheiro automatizado da Consellería de Medio Ambiente e